



## TEMA 6

# RENDA E DISTRIBUCIÓN

1. **Introdución**
2. **A distribución da renda**
  - 1.1 **Índice de Gini**
  - 1.2 **Curva de Lorenz**
3. **Criterios de distribución da renda**
  - 2.1 **Persoal**
  - 2.2 **Espacial**
  - 2.3 **Sectorial**
  - 2.4 **Funcional**

Bibliografía: Cap. 3 (sección 3.2) de Domingo y otros (1993).

# 1. INTRODUCCIÓN

---

As macromagnitudes (PIB, Renda Nacional...) permítennos medir o nivel da renda agregada dunha poboación.

Pero esas magnitudes:

- ✦ Non mostran cal é a situación persoal dos individuos.
- ✦ Tampouco mostran as diferenzas espaciais que existen entre diferentes unidades territoriais: Comunidades Autónomas, provincias...
- ✦ Non informan sobre como se reparte esa renda entre os factores produtivos: traballo e capital.
- ✦ Non sabemos que parte da renda está xerada por cada sector produtivo da economía.

s, especialmente a nivel persoal e espacial, necesitamos calcular “índices de concentración”.

## 2. A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

Suponñamos que sabemos cal é o PIB do país, pero queremos coñecer a situación persoal dos cidadáns.

**¡SOLUCIÓN!**

Podemos calcular a renda per capita

$$\text{PIB per capita} = \frac{\text{PIB}}{\text{Poboación total}}$$

### **PROBLEMA**

Estamos supoñendo que todos os cidadáns dispoñen dese nivel de renda que temos calculado, ¡pero iso non é certo!

A renda agregada dun país non se reparte de forma igual entre todos os individuos, é dicir, non todos disfrutan do mesmo benestar material.

Entón ¿como podemos medir o nivel de desigualdade no reparto da renda?

## 2. LA DISTRIBUCIÓN DA RENDA

### 2.1 Índice de Gini

Necesitamos dispoñer de datos máis desagregados sobre a renda.

a) Ordenamos aos individuos dunha poboación segundo o seu nivel de renda: do máis pobre ao máis rico.

b) A partir desa ordenación, dividimos a poboación en “n” tramos:

$P_1$  = porcentaxe acumulada de poboación no tramo 1

$P_2$  = porcentaxe acumulada de poboación ata o tramo 2

$P_n$  = porcentaxe acumulada de poboación ata o tramo n, é dicir 100%

c) Calculamos que porcentaxe da renda total posúe cada un deses tramos de poboación.

$Q_1$  = porcentaxe de renda acumulado por P1

$Q_2$  = porcentaxe de renda acumulada por P2

$Q_n$  = porcentaxe de renda acumulada por Pn, é dicir 100%

## 2. A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

### 2.1 Índice de Gini

A partir desa información, o Índice de Gini calcúlase utilizando a seguinte fórmula:


$$\text{Índice de Gini} = \frac{(P_1 - Q_1) + (P_2 - Q_2) + (P_3 - Q_3) + \dots + (P_{n-1} - Q_{n-1})}{P_1 + P_2 + P_3 + \dots + P_{n-1}}$$

$$\text{Índice de Gini} = \frac{\sum_{i=1}^{n-1} (P_i - Q_i)}{\sum_{i=1}^{n-1} P_i}$$

## 2. A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

### 2.1 Índice de Gini

Exemplo:



## 2. A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

### 2.1 Índice de Gini

Exemplo:

$$\begin{aligned}\text{Índice de Gini} &= \frac{(P_1 - Q_1) + (P_2 - Q_2) + (P_3 - Q_3)}{P_1 + P_2 + P_3} = \\ &= \frac{(25 - 7,5) + (50 - 15) + (75 - 57,5)}{25 + 50 + 75} = 0,46\end{aligned}$$

En moitas estatísticas, o Índice de Gini aparece multiplicado por 100.

## 2. A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

---

### 2.1 Índice de Gini

- ✓ O Índice de Gini toma valores entre 0 e 1 (ou entre 0 e 100)
  - un valor próximo a 0 indica que a renda distribúese de forma igualitaria entre a poboación.
  - un valor próximo a 1 (o 100) indica que a renda concéntrase en pouca poboación, é dicir, unha porcentaxe pequena da poboación posúe case toda a renda.
- ✓ O Índice de Gini permite facer comparacións intertemporais. É dicir, podemos calculalo para distintos períodos de tempo co obxectivo de saber como evolucionou a distribución da renda.
- ✓ Tamén nos permite facer comparacións entre países.

# Índice de Gini da renda pessoal: (Informe de Desenvolvimento Humano, 2005)

HDI rank	Survey year	MDG Share of income or consumption (%)				Inequality measures			
		Poorest 10%	Poorest 20%	Richest 20%	Richest 10%	Richest 10% to poorest 10% <sup>a</sup>	Richest 20% to poorest 20% <sup>a</sup>	Gini index <sup>b</sup>	
<b>HIGH HUMAN DEVELOPMENT</b>									
1	Norway	2000 <sup>c</sup>	3.9	9.6	37.2	23.4	6.1	3.9	25.8
2	Iceland	..	..	..	..	..	..	..	..
3	Australia	1994 <sup>c</sup>	2.0	5.9	41.3	25.4	12.5	7.0	35.2
4	Luxembourg	..	..	..	..	..	..	..	..
5	Canada	1998 <sup>c</sup>	2.5	7.0	40.4	25.0	10.1	5.8	33.1
6	Sweden	2000 <sup>c</sup>	3.6	9.1	36.6	22.2	6.2	4.0	25.0
7	Switzerland	1992 <sup>c</sup>	2.6	6.9	40.3	25.2	9.9	5.8	33.1
8	Ireland	1996 <sup>c</sup>	2.8	7.1	43.3	27.6	9.7	6.1	35.9
9	Belgium	1996 <sup>c</sup>	2.9	8.3	37.3	22.6	7.8	4.5	25.0
10	United States	2000 <sup>c</sup>	1.9	5.4	45.8	29.9	15.9	8.4	40.8
11	Japan	1993 <sup>c</sup>	4.8	10.6	35.7	21.7	4.5	3.4	24.9
12	Netherlands	1999 <sup>c</sup>	2.5	7.6	38.7	22.9	9.2	5.1	30.9
13	Finland	2000 <sup>c</sup>	4.0	9.6	36.7	22.6	5.6	3.8	26.9
14	Denmark	1997 <sup>c</sup>	2.6	8.3	35.8	21.3	8.1	4.3	24.7
15	United Kingdom	1999 <sup>c</sup>	2.1	6.1	44.0	28.5	13.8	7.2	36.0
16	France	1995 <sup>c</sup>	2.8	7.2	40.2	25.1	9.1	5.6	32.7
17	Austria	1997 <sup>c</sup>	3.1	8.1	38.5	23.5	7.6	4.7	30.0
18	Italy	2000 <sup>c</sup>	2.3	6.5	42.0	26.8	11.6	6.5	36.0
19	New Zealand	1997 <sup>c</sup>	2.2	6.4	43.8	27.8	12.5	6.8	36.2
20	Germany	2000 <sup>c</sup>	3.2	8.5	36.9	22.1	6.9	4.3	28.3
21	Spain	1990 <sup>c</sup>	2.8	7.5	40.3	25.2	9.0	5.4	32.5

# Índice de Gini da renda pessoal: (Informe de Desenvolvimento Humano, 2005)

HDI rank	Survey year	MDG Share of income or consumption (%)				Inequality measures			
		Poorest 10%	Poorest 20%	Richest 20%	Richest 10%	Richest 10% to poorest 10% <sup>a</sup>	Richest 20% to poorest 20% <sup>a</sup>	Gini index <sup>b</sup>	
160	Angola	..	..	..	..	..	..	..	
161	Eritrea	..	..	..	..	..	..	..	
162	Benin	..	..	..	..	..	..	..	
163	Côte d'Ivoire	2002 <sup>b</sup>	2.0	5.2	50.7	34.0	16.6	9.7	44.6
164	Tanzania, U. Rep. of	1993 <sup>b</sup>	2.8	6.8	45.5	30.1	10.8	6.7	38.2
165	Malawi	1997 <sup>b</sup>	1.9	4.9	56.1	42.2	22.7	11.6	50.3
166	Zambia	1998 <sup>b</sup>	1.0	3.3	56.6	41.0	41.8	17.2	52.6
167	Congo, Dem. Rep. of the	..	..	..	..	..	..	..	..
168	Mozambique	1996 <sup>b</sup>	2.5	6.5	46.5	31.7	12.5	7.2	39.6
169	Burundi	1998 <sup>b</sup>	1.7	5.1	48.0	32.8	19.3	9.5	33.3
170	Ethiopia	1999 <sup>b</sup>	3.9	9.1	39.4	25.5	6.6	4.3	30.0
171	Central African Republic	1993 <sup>b</sup>	0.7	2.0	65.0	47.7	69.2	32.7	61.3
172	Guinea-Bissau	1993 <sup>b</sup>	2.1	5.2	53.4	39.3	19.0	10.3	47.0
173	Chad	..	..	..	..	..	..	..	..
174	Mali	1994 <sup>b</sup>	1.8	4.6	56.2	40.4	23.1	12.2	50.5
175	Burkina Faso	1998 <sup>b</sup>	1.8	4.5	60.7	46.3	26.2	13.6	48.2
176	Sierra Leone	1989 <sup>b</sup>	0.5	1.1	63.4	43.6	87.2	57.6	62.9
177	Niger	1995 <sup>b</sup>	0.8	2.6	53.3	35.4	46.0	20.7	50.5

## 2. A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

---

### 2.2 Curva de Lorenz

A concentración da renda tamén se pode representar gráficamente por medio da Curva de Lorenz.


Constrúese utilizando a mesma información que para calcular o Índice de Gini.

- No eixe de abscisas represéntanse as porcentaxes acumuladas de poboación (P).
- No eixe de ordenadas sitúanse as porcentaxes de renda acumuladas (Q).
- A curva que resulta de unir eses puntos é a Curva de Lorenz.

## 2. DISTRIBUCIÓN DA RENDA

### 2.2 Curva de Lorenz

Porcentaxe acumulada de poboación $P_i$	Porcentaxe acumulada de renda $Q_i$
25	7.5
50	15
75	57,5
100	100




## 2. A DISTRIBUCIÓN DA RENDA

### 2.2 Curva de Lorenz

Figure 5.2

Lorenz curves and Gini indexes for Brazil and Hungary



- Hungary (Gini index = 27.0%)
- ..... Brazil (Gini index = 63.4%)
- - - Line of absolute inequality

A superficie situada entre a liña de equidistribución e a Curva de Lorenz é a área de concentración que mide graficamente a dispersión da distribución da renda respecto á situación de igualdade. Polo tanto, canto maior sexa a superficie da área, maior é o grao de concentración da renda.

## 3.1 Distribución persoal da renda

Imos analizar como evolucionou a distribución da renda persoal en España entre as décadas dos 70 e 90 do século pasado.

Para iso, utilízanse datos da Encuesta Continua de Presupuestos Familiares, elaborada polo INE e, a partir da cal, o BBVA elabora os seus informes sobre distribución da renda.

O obxectivo é calcular os índices de Gini e debuxar as Curvas de Lorenz para cada ano.

# DISTRIBUCIÓN PERSOAL, ESPACIAL, FUNCIONAL E SECTORIAL

## 3.1 Distribución persoal da renda

CUADRO 5.1. DISTRIBUCION PORCENTUAL DE LA RENTA FAMILIAR DISPONIBLE, POR DECILAS DE HOGARES, SEGUN EL NIVEL MEDIO DE INGRESOS POR HOGAR

Decilas	1974	1980	1987	1990	1994
1 <sup>a</sup>	1,76	2,41	2,64	2,89	2,94
2 <sup>a</sup>	3,18	3,98	4,21	4,47	4,57
3 <sup>a</sup>	4,47	5,20	5,33	5,22	5,31
4 <sup>a</sup>	5,11	6,31	6,45	6,32	6,32
5 <sup>a</sup>	6,34	7,48	7,45	7,66	7,68
6 <sup>a</sup>	8,04	8,80	8,63	8,48	8,53
7 <sup>a</sup>	9,06	10,01	10,08	9,75	9,79
8 <sup>a</sup>	10,09	11,53	11,46	11,78	11,63
9 <sup>a</sup>	12,38	15,05	14,90	15,08	15,08
10 <sup>a</sup>	39,57	29,23	28,85	28,35	28,15

Fuente: BBV, Informe Económico (varios años).



## 3.1 Distribución persoal da renda

### Cálculo do Índice de Gini

### SOLUCIÓN:

**IG (1974)= 0,4959**

**IG (1980)= 0,4033**

**IG (1987)= 0,3927**

**IG (1990)= 0,3859**

**IG (1994)= 0,3815**

**Debuxar as Curvas de Lorenz de 1974 e 1994**

## 3.2 Distribución espacial da renda

Este tipo de análise sitúanos no tema do desenvolvemento rexional que, nun sentido amplo, debería incluír os desequilibrios espaciais xenerados polos modelos de crecemento económico, tanto a nivel internacional (entre países ou áreas económicas) como no seo de cada país (entre rexións ou comunidades).

Nesta sección, imos tratar de analizar que ocorreu coa distribución espacial (por Comunidades Autónomas) da renda nas décadas dos 80 e os 90.

### CUADRO 5.3. DISTRIBUCION ESPACIAL DE LA RENTA EN ESPAÑA

(Miles de euros corrientes y % sobre total)

CC.AA	1983		1989		1993		1996	
	PIBcf	%	PIBcf	%	PIBcf	%	PIBcf	%
Andalucía	16.416.958	12,21	34.431.280	12,38	46.484.446	12,69	57.739.221	12,93
Aragón	4.613.014	3,43	9.280.252	3,34	12.026.445	3,28	14.414.789	3,23
Asturias	3.942.074	2,93	7.030.225	2,53	8.991.862	2,46	10.517.688	2,36
Baleares	3.291.028	2,45	6.884.035	2,48	10.065.925	2,75	12.625.191	2,83
Canarias	4.616.656	3,43	10.559.440	3,80	14.279.633	3,90	17.759.733	3,98
Cantabria	1.865.253	1,39	3.504.778	1,26	4.517.045	1,23	5.413.496	1,21
Cast-Mancha	4.362.200	3,24	9.495.036	3,41	12.970.058	3,54	16.284.952	3,65
Cast. y León	8.195.263	6,10	16.471.500	5,92	21.640.174	5,91	26.690.335	5,98
Cataluña	26.517.333	19,72	55.834.349	20,08	70.519.443	19,26	85.034.522	19,04
C. Valenciana	13.521.817	10,06	28.902.047	10,39	36.889.919	10,07	44.345.414	9,93
Extremadura	2.150.217	1,60	4.832.654	1,74	6.849.464	1,87	8.620.407	1,93
Galicia	7.992.854	5,95	16.112.125	5,79	21.462.930	5,86	25.668.987	5,75
Madrid	21.947.069	16,32	44.990.462	16,18	60.553.905	16,54	73.639.242	16,48
Murcia	2.798.042	2,08	6.083.420	2,19	8.092.616	2,21	9.700.492	2,17
Navarra	2.036.590	1,52	4.391.415	1,58	5.622.138	1,54	6.918.346	1,55
País Vasco	8.787.073	6,54	16.545.340	5,95	21.444.485	5,86	26.294.027	5,89
Rioja, La	1.051.338	0,78	2.097.592	0,75	2.680.664	0,73	3.554.896	0,80
Ceuta y Melilla	334.091	0,25	626.038	0,23	1.081.287	0,30	1.309.996	0,29
Total	134.438.871	100,0	278.071.989	100,0	366.172.737	100,0	446.529.570	100,0

Fuente: Elaboración propia a partir de BBV, Renta Nacional y su Distribución Provincial (varios años); INE, Contabilidad Regional de España (varios años).

• Neste cadro podemos ver o PIBcf das CCAA, así como a porcentaxe que representa sobre o PIBcf da economía española en distintos anos.

• Se queremos analizar se existe concentración da renda por CCAA, podemos utilizar o índice de Gini. Para elo, deberíamos ordenar as CCAA da máis pobre á máis rica.

• Pero, para que a ordenación sexa xusta, debemos corrixir polo tamaño da poboación. É dicir, debemos basar a análise no PIBcf per capita.

**CUADRO 5.4. DISTRIBUCION ESPACIAL DE LA POBLACION EN ESPAÑA**

(Miles de personas y % sobre total)

CC.AA	1983		1989		1993		1996	
	Poblac.	%	Poblac.	%	Poblac.	%	Poblac.	%
Andalucía	6.595,3	17,22	6.866,0	17,77	7.002,4	17,93	7.104,1	18,11
Aragón	1.203,1	3,15	1.189,7	3,08	1.186,8	3,04	1.178,2	3,00
Asturias	1.133,7	2,97	1.098,1	2,84	1.089,4	2,79	1.074,9	2,74
Baleares	662,6	1,74	705,2	1,82	712,5	1,82	750,9	1,91
Canarias	1.398,3	3,66	1.475,6	3,82	1.510,2	3,87	1.555,6	3,97
Cantabria	519,0	1,36	526,5	1,36	527,8	1,35	524,4	1,34
Cast-Mancha	1.666,7	4,37	1.649,2	4,27	1.666,6	4,27	1.651,8	4,21
Cast. y León	2.602,5	6,82	2.545,6	6,59	2.547,7	6,52	2.475,3	6,31
Cataluña	6.008,2	15,74	6.026,3	15,59	6.090,0	15,59	6.095,3	15,54
C. Valenciana	3.693,1	9,67	3.837,9	9,93	3.874,2	9,92	3.931,2	10,02
Extremadura	1.077,7	2,82	1.056,3	2,73	1.066,3	2,73	1.042,1	2,66
Galicia	2.829,3	7,41	2.733,1	7,07	2.727,0	6,98	2.709,1	6,91
Madrid	4.770,2	12,50	4.904,2	12,69	4.985,5	12,76	5.074,5	12,94
Murcia	976,0	2,56	1.032,9	2,67	1.056,3	2,70	1.082,7	2,76
Navarra	513,7	1,35	517,8	1,34	520,5	1,33	525,1	1,34
País Vasco	2.165,0	5,67	2.097,2	5,43	2.109,1	5,40	2.055,3	5,24
Rioja, La	256,3	0,67	263,0	0,68	263,8	0,68	262,9	0,67
Ceuta y Melilla	121,5	0,32	122,9	0,32	125,1	0,32	128,2	0,33
Total	38.172,2	100,00	38.644,5	100,00	39.061,4	100,00	39.221,4	100,00

Fuente: Elaboración propia a partir de BBV, Renta Nacional y su Distribución Provincial

(varios años).

**CUADRO 5.5. POSICION RELATIVA EN FUNCION DEL PIBcf POR HABITANTE**

(Euros corr. por habitante y N° de orden de menor a mayor)

CC.AA	1983		1989		1993		1996	
	PIB/h.	N°	PIB/h	N°	PIB/h	%N°	PIB/h	N°
Andalucía	2.489	2	5.015	2	6.638	2	8.128	1
Aragón	3.834	12	7.800	12	10.134	12	12.235	12
Asturias	3.477	9	6.402	7	8.254	6	9.785	5
Baleares	4.967	18	9.762	18	14.128	18	16.813	18
Canarias	3.302	8	7.156	10	9.455	10	11.417	11
Cantabria	3.594	10	6.657	9	8.558	8	10.323	8
Cast-Mancha	2.617	3	5.757	4	7.782	4	9.859	6
Cast. y León	3.149	7	6.471	8	8.494	7	10.783	9
Cataluña	4.414	16	9.265	17	11.580	16	13.951	16
C. Valenciana	3.661	11	7.531	11	9.522	11	11.280	10
Extremadura	1.995	1	4.575	1	6.424	1	8.272	2
Galicia	2.825	5	5.895	6	7.871	5	9.475	4
Madrid	4.601	17	9.174	16	12.146	17	14.512	17
Murcia	2.867	6	5.890	5	7.661	3	8.960	3
Navarra	3.965	13	8.481	15	10.801	15	13.175	14
País Vasco	4.059	14	7.889	13	10.168	14	12.793	13
Rioja, La	4.102	15	7.976	14	10.162	13	13.522	15
Ceuta y Melilla	2.750	4	5.094	3	8.643	9	10.218	7
Total	3.522		7.192		9.374		11.385	

Os datos dos Cadros 5.3, 5.4 e 5.5 mostran a información necesaria para medir o grao de concentración da renda a nivel espacial, por medio do Índice de Gini.

-No Cadro 5.5 está a orden que ocupa cada CA en términos do seu PIB per capita.

-A partir do Cadro 5.4 pódese calcular os  $P_i$ , é dicir, as porcentaxes acumuladas da poboación, unha vez ordenadas as CCAA por PIB per capita.

- Cos datos do Cadro 5.3 pódese calcular os  $Q_i$  (porcentaxes acumuladas de PIB).

**CUADRO 5.6. CALCULO DEL INDICE DE GINI PARA LOS AÑOS 1983 Y 1989**

CC.AA	1983		CC.AA	1989	
	P <sub>i</sub>	Q <sub>i</sub>		P <sub>i</sub>	Q <sub>i</sub>
Extremadura	2,82	1,60	Extremadura	2,73	1,74
Andalucía	20,04	13,81	Andalucía	20,50	14,12
Cast-Mancha	24,41	17,05	Ceuta-Melilla	20,82	14,35
Ceuta y Melilla	24,73	17,30	Cast-Mancha	25,09	17,76
Galicia	32,14	23,25	Murcia	27,76	19,95
Murcia	34,70	25,33	Galicia	34,83	25,74
Cast. y León	41,52	31,43	Asturias	37,67	28,27
Canarias	45,18	34,86	Cast. y León	44,26	34,19
Asturias	48,15	37,79	Cantabria	45,62	35,45
Cantabria	49,51	39,18	Canarias	49,44	39,25
C. Valenciana	59,18	49,24	C. Valenciana	59,37	49,64
Aragón	62,33	52,67	Aragón	62,45	52,98
Navarra	63,68	54,19	País Vasco	67,88	58,93
País Vasco	69,35	60,73	Rioja, La	68,56	59,68
Rioja, La	70,02	61,51	Navarra	69,90	61,26
Cataluña	85,76	81,23	Madrid	82,59	77,44
Madrid	98,26	97,55	Cataluña	98,18	97,52
Baleares	100,00	100,00	Baleares	100,00	100,00
Sumatorio	931,78	798,72		912,65	788,27

$$IG_{1983} = \frac{831,78 - 698,72}{831,78} = 0,16$$

$$IG_{1989} = \frac{812,65 - 688,27}{812,65} = 0,153$$

**CALCULAR OS  
ÍNDICES DE GINI  
PARA 1993 E 1996**

**Solución**  
**IG<sub>1993</sub> = 0,15**  
**IG<sub>1996</sub> = 0,145**

## 3.2 Distribución espacial da renda

Se comparamos os Índices de Gini obtidos, pode observarse que, durante o período seleccionado, prodúcese unha mellora na distribución espacial da renda en España. É dicir, obsérvase unha tendencia á diminución da concentración rexional da renda.

¿Podemos deducir que iso débese a unha potenciación económica das áreas máis empobrecidas do Estado que lles permitiu unha maior participación na renda total rexional?

Hai que ser cautelosos na resposta. O resultado que observamos pode deberse a unha mellora na distribución espacial da renda ou a unha redistribución da poboación na busca de mellores condicións de vida, xerando fluxos migratorios desde as zonas máis deprimidas ás de maior renda por habitante.

**Ex: O incremento no nivel de renda por habitante de Castilla y León no período 1993-1996 débese principalmente dos trasvases de poboación cara outras Comunidades. De feito a súa participación no PIBcf total pasa do 5,91% ao 5,98%...e a súa poboación do 6,52% ao 6,31%.**

## 3.3 Distribución sectorial da renda

Nesta sección estudaremos o que, en Contabilidade Nacional, se coñece como “a orixe sectorial do PIB”.

Esta caracterización é importante porque:

- A diversa participación dos sectores económicos na produción total pode ser, xunto con outras variábeis, un indicador axeitado do estado nivel de desenvolvemento da economía dun país.
- Permite constatar cales son os subsectores económicos sobre os que se fundamenta a produción e cal é a súa importancia, as súas dependencias e limitacións.

# DISTRIBUCIÓN PERSOAL, ESPACIAL, FUNCIONAL E SECTORIAL

## 3.3 Distribución sectorial da renda

Ramas de actividade	1995	1996	1997	1998	1999	2000
(millóns de euros)						
1. Agricultura, gandería e pesca	18,630	21,548	21,436	21,169	19,904	20,263
2. Enerxía	16,514	17,340	17,848	17,569	17,073	18,060
3. Industria	76,631	80,469	86,265	90,743	94,532	100,170
4. Construción	31,876	32,216	33,589	36,828	41,656	47,960
5. Servizos de mercado	216,163	227,015	243,707	261,567	280,153	303,565
6. Servizos de non mercado	62,537	66,174	68,388	72,142	76,786	82,687
SIFMI	-18,835	-17,872	-18,882	-19,369	-19,050	-21,269
<b>VALOR ENGADIDO BRUTO A PREZOS BÁSICOS</b>	<b>403,516</b>	<b>426,890</b>	<b>452,351</b>	<b>480,649</b>	<b>511,054</b>	<b>551,436</b>

# . DISTRIBUCIÓN PERSOAL, ESPACIAL, FUNCIONAL E SECTORIAL

## 3.3 Distribución sectorial da renda

Ramas de actividade	1995	1996	1997	1998	1999	2000
(% de participación dos sectores no VEB)						
1. Agricultura, gandería e pesca	4.62	5.05	4.74	4.40	3.89	3.67
2. Enerxía	4.09	4.06	3.95	3.66	3.34	3.28
3. Industria	18.99	18.85	19.07	18.88	18.50	18.17
4. Construción	7.90	7.55	7.43	7.66	8.15	8.70
5. Servizos de mercado	53.57	53.18	53.88	54.42	54.82	55.05
6. Servizos de non mercado	15.50	15.50	15.12	15.01	15.03	14.99
SIFMI						
<b>VALOR ENGADIDO BRUTO A PREZOS BÁSICOS</b>						
	100	100	100	100	100	100

